NUÑEZ MENDEZ, DALMIRO (1 para 5)
Terceiro
Data de Sinatura: 02/11/2026
HASH: 3a48751a4322f97c89c201c39a63de13

QUINTANS BRUN, MANUEL (2 para 5)
Terceiro
Data de Sinatura: 02/11/2026
HASH: e96803b6c7940f4e9303dc4d7718a6e08

Martín Blanco Buceta (3 para 5)
Administrativo
Data de Sinatura: 02/11/2026
HASH: d7a611bace87bb06fe2df08fc7dfcf9a

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A (FUNCIONARIO DE CARREIRA)

SESIÓN 4 - 02/11/2026

Tribunal de selección:

Presidenta: María Mariño Poza
Vogal 1: Dalmiro Núñez Méndez
Vogal 2: Mª Carmen Santiago Hermo
Vogal 3: Manuel Quintáns Brun
Secretario: Martín Blanco Buceta

Sendo as 09.40 horas do día 02/11/2026, reúnese o Tribunal de Selección nomeado por Resolución da Alcaldía de data 08 de outubro de 2026, encargado de realizar o proceso selectivo para a cobertura en propiedade de tres prazas de administrativo/a (funcionario/a de carreira) polo sistema selectivo de oposición libre correspondente ás Ofertas de Emprego Público dos anos 2023 e 2025.

As bases reguladoras e convocatoria deste proceso de selección foron aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 04 de xuño de 2026 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 110, de 12 de xuño de 2026.

A relación de persoas aspirantes definitivamente admitidas, designación do tribunal e a convocatoria para o 1º exercicio da oposición foi publicada no BOP núm. 186 de 29/09/2026 e na páxina www.boiro.gal.

Con data 13/10/2026 publicáronse as puntuacións provisionais do primeiro exercicio da oposición, establecéndose un prazo de tres días para a presentación de alegacións. Finalizado este prazo, constan 6 alegacións presentadas.

O obxecto desta sesión é a resolución das alegacións presentadas ó 1º exercicio da oposición e a convocatoria para o segundo exercicio da fase de oposición.

1,- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS.

Primeira.- O candidato Santiago Rodríguez Alcalá solicita "… verificar a idoneidade das respostas, ó seren unha variación substancial coa miña comprobación …. ". *(Adxunta código de candidato).*

Unha vez revisada a plantilla de respostas presentada polo candidato e a corrección realizada polo tribunal, compróbase que non existe erro algún no cómputo realizado inicialmente, polo que procede desestimar a alegación realizada.

Segunda.- O candidato José L. Franco Pintos presenta alegación na que solicita a anulación da pregunta número 42, procedendo á substitución pola correspondente pregunta de reserva, fundamentándose nas alegacións que constan no seu escrito.

Unha vez revisada a pregunta 42, o tribunal, por unanimidade, acorda que non procede atender á alegación presentada, tendo en conta que o alegante considera que

Cod. Validación: 9L4T5K44HY29NE7LGGGC4CAZ7
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

MARÍA DEL CARMEN SANTIAGO HERMO (4 para 5)
Administrativa
Data de Sinatura: 02/11/2026
HASH: 52d85db6af332603ddc2acc73f07dbd4

María Mariño Poza (5 para 5)
Técnico de recursos humáns
Data de Sinatura: 02/11/2026
HASH: 414b3c1ae4d20d34bb9e4c82f1082178

ten que anularse a pregunta por non conter ningunha resposta xuridicamente correcta conforme ao artigo 34.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A cuestión proposta polo tribunal é:

> *42.- Nun procedemento de concesión de subvencións a fase de autorización do gasto (A) corresponde con:*
>
> *a) A aprobación das bases reguladoras da subvención*
>
> *b) A aprobación da convocatoria da subvención*
>
> *c) A aprobación dos beneficiarios da subvención*
>
> *d) A aprobación da xustificación da subvención*

O tribunal estimou correcta a opción b).

O alegante argumenta que:

> *(...) O artigo 34.1 da Lei 28/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece expresamente que "con carácter previo á convocatoria da subvención ou á concesión directa desta, deberá efectuarse a aprobación do gasto".*
>
> *En consecuencia, a autorización do gasto constitúe unha actuación xuridicamente diferenciada e necesariamente anterior á convocatoria da subvención. Polo tanto, non existe correspondencia entre a fase de autorización do gasto (A) e a aprobación da convocaoria que afirma o enunciado da pregunta, posto que se trata de actuacións distintas e sucesivas no procedemento.*
>
> *Así, a opoción B non pode considerarse correcta nos termos formulados, ao identificar a autorización do gasto cun acto posterior a esta, sen que ningunha das restantes alternativas recolla de maneira precisa a actuación á que corresponde a fase de autorización do gasto (...)*

A pregunta que plantea o test é en que momento dun procedemento de concesión de subvencións ten que terse aprobado o gasto. Como a propia alegación recoñece é no momento da aprobación da convocatoria polo que a resposta correcta e a b), que é que admite o tribunal como tal.

Terceira - A persoa candidata con código Admin238 presenta alegación na que solicita que a pregunta número 33 se declare como nula en base ós fundamentos que constan no propio escrito.

Unha vez revisada a pregunta 33, o tribunal, por unanimidade, acorda que non procede atender á alegación presentada, tendo en conta que solicita a anulación da pregunta 33 por considerar que ningunha das respostas propostas axústase ao artigo 24 do TREBEP. Sostén, en particular, que a opción a) presenta illadamente a incompatibilidade exixible para o desempeño de determinados postos de traballo, cando esta circunstancia figura nunha enumeración máis ampla dentro do precepto.
Ou artigo 24, letra b), do TREBEP menciona expresamente a incompatibilidade esixible para ou desempeño de determinados postos de traballo. A pregunta pide

Cod. Validación: 9L4T5K44HY29NE7LGGGC4CAZ7
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

identificar unha circunstancia recollida no precepto, non reproducir integramente a súa enumeración. Polo tanto, a opción a) non altera nin desnaturaliza o contido da norma.
Analizadas o resto de alternativas da pregunta 33 (b) A antigüidade acadada polo funcionario dentro do sistema de carreira administrativa. c) A especial preparación académica requirida para ou desempeño de determinados postos de traballo. d) A dispoñibilidade permanente do funcionario fóra da xornada normal de traballo), ningunha delas recóllese no artigo 24 do TREBEP.
Tendo en conta que a pregunta esixe recoñecer unha circunstancia expresamente mencionada no artigo, a única resposta correcta posible é a opción a). Non é necesario completar a devandita resposta cos restantes elementos da letra b) do articulo 24 do TREBEP, pois iso respondería a unha esixencia de reprodución íntegra que o enunciado non contén.
Polas razóns expostas, o Tribunal Cualificador acorda desestimar a alegación formulada respecto da pregunta 33 e manter a súa validez, considerando correcta a opción a), por recoller unha circunstancia expresamente mencionada no artigo 24, letra b), do TREBEP.

Cuarta.- A candidata Verónica Muñiz Sotelo presenta alegación na que solicita a anulación da pregunta número 2, procedendo a substituíla pola pregunta de reserva correspondente, fundamentándose nos motivos que constan no propio escrito.

Unha vez revisada a pregunta 2, o tribunal, por unanimidade, acorda que non procede atender á alegación presentada, tendo en conta que a maioría esixida polo artigo 81.2 da Constitución constitúe un trazo esencial da lei orgánica como clase de lei, comprendido no tema 6.
O artigo 81 da Constitución regula conxuntamente as materias reservadas a lei orgánica e a esixencia de maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto, para a súa aprobación, modificación ou derrogación. Esta especialidade formal non é un dato accesorio: caracteriza constitucionalmente este tipo lexislativo.
Por iso, non resulta convincente separar o estudo das clases de leis do coñecemento das súas características de aprobación. Aínda que a regra preguntada teña natureza procedemental, tamén permite identificar e diferenciar a lei orgánica. Unha pregunta limitada a esa maioría non equivale a esixir o coñecemento completo da tramitación parlamentaria, as súas fases, prazos ou incidencias.

Polas razóns expostas, o Tribunal Cualificador acorda desestimar a alegación formulada respecto de a pregunta 2, e manter a súa validez, considerado que ésta está encadrada dentro do temario.

Quinta.- O candidato Manuel Roberto Lage Gómez presenta alegación na que solicita a anulación da pregunta número 48 en base ós fundamentos que constan no propio escrito.

Unha vez revisada a pregunta 48, o tribunal, por unanimidade, acorda que non procede atender á alegación presentada, tendo en conta que o alegante considera que ten que anularse a pregunta porque a opción c) é confusa e induce a erro

A cuestión proposta polo tribunal é:

48.- En relación coas taxas e conforme ao Real Decreto Lexislativo

Cod. Validación: 9L4T5K44HY29NE7LGGGC4CAZ7
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais (sinale o enunciado FALSO)

a) As taxas esíxense pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local e pola prestación dun servizo público ou a realización dunha actividade administrativa de competencia local que afecte ou beneficie de modo particular ao suxeito pasivo.

b) A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa sinalada para o efecto, a cantidade resultante de aplicar unha tarifa ou nunha cantidade que resulte da aplicación conxunta de ambos os procedementos

c) O pagamento das taxas non se produce por un motivo único, xa que depende do seu feito impoñible e da regulación que faga cada entidade local a través da súa ordenanza fiscal.

d) O importe das taxas deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada; con todo, a entidade poderá fixar taxas por baixo do devandito límite cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen

O tribunal estimou correcta a opción d).

O alegante argumenta que:

(...) a opción c) tamén é falsa tal e como se plantexa, xa que os motivos que veñen no artigo 26 da Lei de Facendas Locais, pero non o son o feito impoñible e a regulación na ordenanza fiscal senon "a) Cuando se inicie el uso privativo o el aprovechamiento especial, o cuando se inicie la prestación del servicio o la realización de la actividad, aunque en ambos casos podrá exigirse el depósito previo de su importe total o parcial

b) cuando se presente la solicitud que inicie la actuación o el expediente, que non se realizará o tramitará sin que se haya efectuado el pago correspondiente".

Solicita

A anulación da pregunta 48 porque a opción C) é confusa e induce a erro (...)

A opción c) non pode marcarse como falsa porque resume o artigo 26 do TRLRFL: a devindicación das taxas depende da natureza do seu feito impoñible e do que determine a correspondente ordenanza fiscal, dentro das posibilidades previstas pola lei.

A resposta correcta é a d), que é a que admite o tribunal como tal.

Sexta.- A candidata Yenifer Ordóñez Laíño presenta alegación na que solicita a anulación da pregunta número 48 e substitución pola pregunta de reserva, en base ós fundamentos que constan no propio escrito.

Cod. Validación: 9L4T5K44HY29NE7LGGGC4CAZ7
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

Unha vez revisada a pregunta 48, o tribunal, por unanimidade, acorda que non procede atender á alegación presentada, tendo en conta que a alegante considera que ten que anularse a pregunta porque a opción b) e d) son susceptibles de ser marcadas como falsas, o que invalida a existencia dunha única solución indubitada e obriga a anulación da pregunta n.º 48.

A cuestión proposta polo tribunal é:

> *48.- En relación coas taxas e conforme ao Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais (sinale o enunciado FALSO)*
>
> *a) As taxas esíxense pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local e pola prestación dun servizo público ou a realización dunha actividade administrativa de competencia local que afecte ou beneficie de modo particular ao suxeito pasivo.*
>
> *b) A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa sinalada para o efecto, a cantidade resultante de aplicar unha tarifa ou nunha cantidade que resulte da aplicación conxunta de ambos os procedementos*
>
> *c) O pagamento das taxas non se produce por un motivo único, xa que depende do seu feito impoñible e da regulación que faga cada entidade local a través da súa ordenanza fiscal.*
>
> *d) O importe das taxas deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada; con todo, a entidade poderá fixar taxas por baixo do devandito límite cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen*

O tribunal estimou correcta a opción d).

O alegante argumenta que:

> *(...) a opción B), que pretende reproducir o artigo 24 apartado 3, elimina do redactado a premisa "según disponga la correspondiente ordenanza fiscal". Por tanto, al eliminarla hace creer que el Real Decreto Legislativo establece de forma automática y directa las modalidades de la cuota, cuando es al Ayuntamiento en la correspondiente ordenanza fiscal en donde establece la modalidad concreta. Al eliminar la reserva de ordenanza fiscal no se ha sintetizado el artículo sino que se ha despojado al precepto del nexo competencial. Así mismo, al suprimir la premisa condicionante, se ha convertido un supuesto en una afirmación absoluta ("la cuota consistirá..."), resultando técnicamente falsa, ya que si no se aprueba la ordenanza fiscal fijando la ordenanza fiscal fijando la tarifa o la cantidad fija, la tasa no existe. Al coexistir la opción B y D, la pregunta plantea una concurrencia de respuestas susceptibles de ser marcadas como falsas, lo que invalida la existencia de una única solución indubitada y obliga a la anulación de la pregunta número 48 (...)*

Cod. Validación: 9L4T5K44HY29NE7LGGGC4CAZ7
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

A resposta b) da pregunta o que afirma é a marxe que existe para definir as cotas tributarias das distintas taxas e por iso é correcta (*cantidade fixa sinalada para o efecto, a cantidade resultante de aplicar unha tarifa ou nunha cantidade que resulte da aplicación conxunta de ambos os procedementos*) e non xera ningunha confusión respecto a unha única resposta correcta na pregunta que é a resposta d) que é a única falsa de todas elas.

A única resposta correcta é a d), que é a que admite o tribunal como tal.

2.- CONVOCATORIA PARA O SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN.

O tribunal acorda convocar ás/ós candidatas/os declarados/as apto/as **para o VENRES 13 de novembro de 2026 ás 09:30 horas no salón de actos do IES ESPIÑEIRA de Boiro** para a realización do segundo exercicio da oposición.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 10.30 horas do día 02/11/2026, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

María Mariño Poza
Dalmiro Núñez Méndez
Mª Carmen Santiago Hermo
Manuel Quintáns Brun
Martín Blanco Buceta

Cod. Validación: 9L4T5K44HY29NE7LGGGC4CAZ7
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6